



Campana unitaria
"POR UNHA ESCOLA PÚBLICA E LAICA.
RELIXIÓN FÓRA DA ESCOLA"

PROCESOS ELECTORAIS 2019

CONTRATO ELECTORAL

A Campana "**Por unha Escola Pública e Laica: Relixión fóra da Escola**" xurdiu hai máis de dúas décadas, como unha iniciativa e un **compromiso unitario e activo** ao redor do **obxectivo democrático** de lograr **a plena laicidade do sistema educativo**.

Tivo diversas fases, sen apenas resultados positivos ata a data, malia o **crecente apoio social** que, porén, se enfronta a teimudas **posicións confesionais** das Administracións Públicas e das principais formacións políticas.

Grazas a unha **iniciativa unitaria da Campana** e á presión que vimos exercendo desde hai anos, con recollida de decenas de miles de firmas e de apoios sociais e políticos diversos, o pasado 22 de febreiro de 2018 na **Comisión de Educación do Congreso aprobouse unha proposición non de lei**, apoiada por diversos grupos parlamentarios que instaba ao Goberno a:

A- Garantir o imprescindible carácter laico que debe revestir a Escola como institución pública, deixando a relixión confesional fóra do sistema educativo oficial, é dicir, do currículo e do ámbito escolar.

B- Denunciar e derrogar os Acordos do Estado español coa Santa Sede, así como os subscriitos no mesmo senso con outras confesións relixiosas, obrigando o goberno a proceder para o cumprimento dese mandato.

Moción que, de momento, quedou en vía morta, dada a disolución das Cámaras, como quedou paralizada unha reforma da Lei de Educación e o Pacto Educativo.

*Ante a nova campaña electoral e a configuración dun novo Parlamento e dun novo Goberno, fórmulase **outra nova etapa**, na que trataremos, unha vez máis, de procurar o **diálogo** e o **compromiso** coas distintas formacións políticas e candidaturas que se presentan ás eleccións municipais, autonómicas e xerais, e que desexen promover **a laicidade no marco escolar**.*

Facemos, en consecuencia, un chamamento a todas as organizacións e colectivos defensores dunha Escola Pública e Laica a renovar o seu apoio explícito e facer súa esta Campana, asinando un novo CONTRATO de COMPROMISO ELECTORAL

CONTRATO ELECTORAL: POR UN SISTEMA EDUCATIVO LAICO

A actual política educativa está provocando graves consecuencias. E está actuando en dúas fronteiras: Por unha parte, desenvolvendo diferentes procesos de mercantilización e privatización do Ensino, tanto por vía de volver precario o ensino público, como a través de medidas de apoio descarado ao sector privado, na súa maioría baixo control ideolóxico da Igrexa católica. E por outra parte, mantendo nos centros escolares persoas designadas por bispos, coa misión de, ademais de impartiren clases de relixión, cristianizaren a comunidade educativa e faceren proselitismo relixioso. A todo iso habería que engadir a entrada nos centros de persoas de relixións minoritarias, tamén con fins de adoutrinamento.

Xunto á promoción das concepcións **neoliberais da economía e da sociedade**, retomáronse elementos nunca abandonados do **nacional-catolicismo**, facéndose eco das presións da Conferencia Episcopal, que para non renunciar aos seus privilexios, ampárase no Concordato franquista de 1953 e os Acordos do Estado español coa Santa Sede de 1979.

Todo iso leva canda si un dobre grave prexuízo para o alumnado que, por un lado, é segregado por motivos ideolóxicos, desde idades moi temperás, vulnerando diversos convenios da Infancia e, por outro lado, tamén resulta segregado por motivos económicos e sociais. A mercantilización/privatización do Ensino está afondando nas diferenzas entre o alumnado, como consecuencia dun Sistema Educativo selectivo e inxusto e cada vez máis elitista.

Ante o período electoral que se abre nas próximas semanas, achegamos a todas as formacións políticas e candidaturas, a análise e **compromiso explícito en torno á laicidade** que debe presidir o marco escolar, para o desenvolvemento da liberdade de conciencia que debe respectarse, dunha forma máis escrupulosa, se cabe, cando se trata de nenos/as e mozos/as no seu período de formación.

Moi en particular, aquí e agora, ademais do propósito expresado de avogar pola derogación definitiva da LOMCE (e parte da LOE), queremos centrar a análise sobre dous eixos que, pola súa importancia decisiva e a súa remisión a simples principios democráticos, deberían figurar nos seus programas, co serio compromiso de proceder en á súa defensa desde o ámbito propio:

A- Garantir a plena laicidade do ensino, para iso:

- 1- Hai que sacar a relixión confesional do Ensino, de forma inmediata.
- 2- NON financiar -con diñeiro público- o adoutramento relixioso en ningún centro escolar.
- 3- Potenciar a Rede Pública de Ensino, como fundamental para vertebrar o Dereito á Educación de todos e todas, evitando -de forma progresiva- a desviación de fondos públicos cara a intereses privados de todo tipo.

B- A derogación dos Acordos co Vaticano, por constituiren a base “legal” dos privilexios que segue reclamando a Igrexa, especialmente dentro do sistema educativo e, ao mesmo tempo, terse producido un progresivo rexeitamento social e político aos seus contidos antidemocráticos. De igual forma deberá procederse á anulación de Acordos con outras confesións nos que se establece a posibilidade de impartir relixión na escola.

Organizacións sindicais, sociais e políticas que o apoian, ata o 7 abril de 2019

Europa Laica / STES. Intersindical / Sindicato de Estudiantes / CEAPA (Confederación Española de AMPAS) / Federación de Enseñanza de CCOO / STEPV - Intersindical Valenciana / Confederación Estatal de MRPS / FETE – Sector Enseñanza de FeSP-UGT / Federación Enseñanza de CGT / Sindicato de Enseñanza de Madrid de CGT / Izquierda Unida / Izquierda Unida – Madrid / Izquierda Republicana / EHIGE (Confederación de Madres y Padres de la Escuela Pública Vasca) / FELAMPA Sierra Pambley – León / FELGTB (Federación Estatal de Lesbianas, Gais, Transexuales y Bisexuales) / Redes Cristianas / Cristianas y cristianos de base de Madrid / Colectivo Infancia / UAL (Unión de Ateos y Librepensadores) / AMAL (Asociación Madrileña de ateos y librepensadores) / MHUEL-Aragón / Laikotasuna (Colectivo para la laicidad de Guipuzcoa) / Asturias Laica / Andalucía Laica / Extremadura Laica / Asociación Laica de Rivas Vaciamadrid / CAUM. (Club amigos de la Unesco de Madrid) / Madrid Laica / Valencia Laica / Asamblea Marea Verde Madrid / Red IRES (Red Investigación y Renovación Escolar) / Plataforma contra la impunidad del franquismo / AMESDE / Fundación Acción Laica / Asociación Manuel Azaña / Alternativa Republicana / Unidad Cívica por la República / León Laica / FAPA María Moliner. Albacete / STE-CLM / CCOO Enseñanza Madrid / Familia Sociedad siglo XXI / Partido Socialista Libre Federación / Partido ACTÚA / CIDESPU (Ciudadanas Defensa Escuela Pública) / PCE (Partido Comunista de España) / Partido PODEMOS / FAPAR – (Federación de Asociaciones de Padres y Madres de Alumnos de Aragón) / EH BILDU / Esquerra Republicana del País Valencià / STEM-STESi-Madrid / Coalició COMPROMÍS / FADEA (Fed. Asoc. Estudiantes Aragón) / Asociación Pro Derechos Humanos de España / Católicas Por el Derecho a Decidir / Partido EQUO / Asamblea Feminista de Madrid / PEPA (Plataforma Escuela Pública Aranjuez) / APALHU (Associació per a l'humanisme) / Movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega / Plataforma Laicista de Jerez / Fórum de política feminista agrupación de Córdoba / Movimiento Social por la Escuela Pública de Asturias /

As organizacións políticas, sociais e sindicais que o desexen poden adherirse ao Contrato Electoral, enviado un correo a: escuelalaica@europalaica.org